

RESOLUCIÓN DO 14 DE XUÑO DE 2024, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE REGULA A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA EDUFRANCE DE INTERCAMBIO DE ALUMNADO CON CENTROS EDUCATIVOS DEPENDENTES DAS RÉGIONS ACADÉMIQUES HAUTS-DE-FRANCE E BRETAGNE DURANTE O CURSO ESCOLAR 2024/2025.

As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa, que veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación dos distintos Estados membros da Unión Europea nos últimos anos, consideran a competencia en linguas estranxeiras como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüísticamente diversa.

Así, a Resolución do Consello relativa ao marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación establece, como prioridade estratéxica número 2, promover o multilingüismo como un elemento esencial da aprendizaxe permanente e como medio importante para mellorar o desenvolvemento persoal, a empleabilidade e a adaptabilidade e facer da aprendizaxe permanente e a mobilidade do alumnado e o profesorado un elemento clave da cooperación da Unión Europea e unha ferramenta indispensable para impulsar a calidade e a inclusión na educación e na formación.

En liña con eses propósitos, a nova estratexia para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, *EDUlingüe2030*, de acordo coas súas *Liñas 2 e 8*, contempla a internacionalización do sistema educativo galego como un dos eixes principais, creando un novo marco de traballo a partir das relacións internacionais que impliquen a mobilidade de alumnado e profesorado e a observación de boas prácticas do persoal docente, apostando por unha educación intercultural, multilingüe e cosmopolita, sostible e acorde co mundo actual.

Tendo en conta que Galicia e as *Régions Académiques Hauts-de-France e Bretagne* pertencen a Estados membros da Unión Europea, o enorme interese que o ensino da lingua, a literatura e a cultura, tanto galegas como españolas, suscitan nestas rexións, así como a afección pola lingua e a cultura francesas no sistema educativo da nosa Comunidade, esta Consellería quere reforzar os lazos de unión entre as nosas rexións e afondar no estudo das linguas e as culturas respectivas co fin de consolidar proxectos de intercambio e asociacións entre centros escolares de sendas rexións.

En consecuencia co anteriormente exposto, e en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 11 do



DECRETO 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

RESOLVO

Primeiro-. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

A presente Resolución ten por obxecto regular a convocatoria para a selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa *EduFrance* de intercambio de alumnado con centros educativos dependentes das *Régions Académiques Hauts-de-France* e *Bretagne* durante o curso escolar 2024/2025.

Segundo-. *Obxecto e características do programa de intercambio EduFrance.*

1. O obxecto do programa de intercambio *EduFrance* é potenciar a aprendizaxe activa da lingua francesa a través da integración e a inmersión do noso alumnado no sistema educativo francés, e nas respectivas familias de acollida, co obxectivo de mellorar a súa competencia lingüística.

Así mesmo, o programa de intercambio pretende poñer en valor a importancia do coñecemento doutras realidades culturais, respectando a diversidade social, lingüística e cultural de cada rexión, e favorecer vínculos de unión entre Galicia e as *Régions Académiques* francesas, co fin de desenvolver estratexias de colaboración nos ámbitos da educación e da cultura.

2. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, Consellería), a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (en diante, Dirección Xeral), realizará a selección de centros participantes en virtude da puntuación obtida nos criterios establecidos na solicitude de participación.

3. A cada centro galego seranlle asignados unha *Région Académique* e un centro educativo francés e a cada alumno/a seralle asignado un alumno/a homólogo francés/a. A asignación corresponderase, na medida do posible, coa preferencia manifestada polo centro galego na solicitude de participación no intercambio.

4. Os emparellamentos dos alumnos/as serán realizados polas persoas coordinadoras do intercambio en cada centro, en ambos países, buscando a máxima afinidade persoal posible entre eles e entre as súas respectivas familias.



5. Durante a súa estancia no país de acollida, os alumnos/as galegos e os franceses residirán cos seus homólogos e asistirán ás clases no centro educativo co fin de garantir a continuidade dos obxectivos curriculares e a adquisición das competencias da etapa educativa.

6. Os profesores ou profesoras acompañantes asistirán ao centro educativo francés que lle sexa asignado e realizarán observación de boas prácticas docentes.

Terceiro-. *Ámbito temporal.*

1. O programa de intercambio de alumnado de centros educativos públicos franceses e galegos, *EduFrance*, desenvolverase durante o curso académico 2024/2025.

2. A estancia do alumnado galego en Francia terá unha duración dun máximo de 10 días naturais.

Cuarto-. *Perfil do alumnado participante.*

1. Poderá participar no programa de intercambio o alumnado de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia que, durante o curso académico 2024/2025, estea matriculado en 3º e 4º de ESO e 1º Bacharelato que curse Francés como Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.

2. No programa participarán un máximo de 10 centros educativos galegos (5 por *Région Académique*). Cada centro escolar seleccionará un mínimo de 10 alumnos/as e un máximo de 15 alumnos/as candidatos de entre os niveis de 3º e 4º de ESO e 1º Bacharelato.

3. O grupo de alumnado galego seleccionado para participar no intercambio pode estar configurado por alumnos e alumnas de diferentes niveis educativos. A persoa coordinadora do intercambio no centro galego buscará a maior afinidade na selección do tipo de centro francés co que desexa facer o intercambio (*Collège ou Lycée*) en función do nivel educativo do alumnado galego que participe no programa.

4. Excepcionalmente, tendo en conta as características do centro educativo, a Dirección Xeral poderá autorizar un número de alumnado inferior a dez.

5. Non poderán resultar beneficiarios do intercambio *EduFrance* os centros educativos que resulten beneficiarios do programa de intercambio *EduExchanges* en lingua francesa durante o curso académico 2024/2025.



Quinto-. *Compromisos dos centros educativos.*

1. Os centros participantes serán os responsables do desenvolvemento do intercambio, tanto no aspecto organizativo como educativo, durante a estancia do alumnado francés en Galicia e a do alumnado galego en Francia.
2. O intercambio será coordinado por un profesor ou profesora do centro, prioritariamente do Departamento de Francés, que será a persoa responsable do seu desenvolvemento e seguimento, así como a interlocutora directa coas familias e co alumnado participante.
3. Durante as viaxes de ida e volta e a súa estancia a Francia, o alumnado seleccionado para o programa de intercambio será acompañado polo profesorado galego participante no mesmo.
4. Cada centro participante no programa ocuparase da selección do alumnado candidato, establecendo os criterios de selección que considere oportunos, e solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos e participación no programa, así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Do proceso de selección do alumnado levantarase acta, que será asinada pola persoa directora e o/a secretario/a do centro educativo.
5. As datas das mobilidades do alumnado a Francia e a Galicia serán concretadas polas persoas coordinadoras do intercambio en Galicia e en Francia de mutuo acordo, dentro do curso académico 2024/2025.
6. O centro galego beneficiario do programa de intercambio deberá responsabilizarse de recibir e acoller o alumnado francés no seu centro, comprometéndose a facilitar a súa escolaridade e a contribuír a que a súa integración sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa. Así, deberá planificar as actividades docentes para facilitar ao alumnado participante o correcto desenvolvemento do seu proceso de ensino-aprendizaxe e avaliación.
7. Os centros educativos ocuparanse de organizar o transporte do alumnado galego a Francia, debendo subscribir unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para cada alumno/a participante durante a súa estadía no país de acollida.
8. A participación no programa de intercambio deberá ser presentada ante o Claustro de profesores e profesoras e aprobada polo Consello Escolar. A participación, planificación e avaliación deste programa recollerase na Programación Xeral Anual.



Sexto-. *Compromisos das familias e do alumnado participantes.*

1. En virtude do réxime de reciprocidade, a familia do alumnado galego comprométese a recibir e aloxar na súa casa o alumno/a francés correspondente, de maneira que o aloxamento e manutención deste alumnado non lle supoña ningún gasto.
2. O alumnado que participe no intercambio deberá cumprir coas características do programa e, salvo causa de forza maior, que deberá ser debidamente xustificada, non poderá abandonalo unha vez que o comezara.
3. Durante a súa estadia en Francia, o alumnado galego deberá asistir ás clases no *lycée* ou *collège* que lle fose asignado pola *Région Académique* correspondente e observar as normas de organización e funcionamento do centro educativo francés.
4. No caso de que un alumno/a mostrase condutas graves de indisciplina, ou tivera que abandonar a actividade por causas non imputables á administración educativa, a familia do alumno/a deberá correr cos gastos que se deriven desta circunstancia.
5. As familias asumirán o custo do transporte a Francia do alumnado galego que a dotación económica prevista na cláusula sétima desta Resolución non acade sufragar, así como o diñeiro de peto mentres os participantes se atopen no país de acollida.
6. Ademais da documentación de viaxe ordinaria (Pasaporte ou Documento Nacional de Identidade), as familias deberán facilitar ao centro e á persoa coordinadora unha autorización expresa dos pais, nais ou titores legais do alumno/a estendida nas dependencias da Garda Civil conforme autorizan a saída do/a menor ao estranxeiro.
7. No caso de que non poida ter acceso á tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE), as familias deberán subscribir unha póliza de asistencia médica para o alumnado mentres estea no país de acollida.

Sétimo-. *Dotación económica*

1. O financiamento das achegas para o programa de intercambio en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 37.03.423A.229 por un importe máximo de 55.000 €
2. Cada centro recibirá a cantidade de 300 € por alumno/a participante no intercambio, en concepto de gastos de xestión e desenvolvemento da actividade, e a cantidade de 1.000 € para o profesorado



participante no mesmo. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 5.500 €.

3. A dotación económica concedida a cada centro será transferida nun único pagamento á conta bancaria do centro participante no período correspondente ao exercicio económico 2024. O importe concedido deberá ser destinado a sufragar gastos de transporte, aloxamento e seguro de viaxe e deberán ser debidamente xustificadas e imputables á participación neste programa. En ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.

4. Os gastos derivados do intercambio deberán realizarse no curso 2024/2025 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección xeral.

5. A non entrega da xustificación de gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

Oitavo-. *Solicitudes e prazo de presentación.*

1. Os centros educativos que desexen participar nesta convocatoria deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>, seleccionando na pestana o programa *Programas de éxito educativo*, na convocatoria 2024/2025, e premendo en *Intercambios de alumnado con Francia: EduFrance*.

2. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, terá o permiso de creación e presentación da solicitude na que se farán constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos referentes ao número de alumnado, os cursos aos que pertence así como outros datos requiridos.

3. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerárase un documento no buzón de informes (Anexos I e II). Este documento será custodiado no centro educativo, non tendo que ser remitido por ningunha vía.

4. Na solicitude, os centros educativos galegos elixirán a *Région Académique* coa que desexen realizar intercambio (*Région Académique Hauts-de-France* ou *Région Académique Bretagne*), manifestando a orde de preferencia, e o tipo de centro francés que acollerá o alumnado galego (*Collège ou Lycée*) segundo estimen máis oportuno en función do nivel educativo do alumnado galego que participe no programa.



5. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta Resolución no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal>.

Noveno-. Procedemento de valoración das solicitudes.

1. A Consellería valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada pola persoa titular do Servizo de Innovación e Programas Educativos, así como por dous asesores ou asesoras técnicas da Dirección Xeral, un dos cales realizará as funcións de secretaría.

2. A comisión realizará unha selección dos centros solicitantes en virtude da puntuación obtida nos apartados *Proxecto pedagógico e Autobarefacción* que figuran na solicitude (para o apartado *Autobarefacción* véxase o modelo Anexo I da presente Resolución). En caso de producirse un empate, este resolverase outorgando preferencia ao centro que obteña maior puntuación no bloque *Proxecto pedagógico* e, seguidamente, nos apartados 4.6, 4.1 e 4.2, sucesivamente, do bloque *Autobarefacción*.

3. Ao tratarse dun programa en réxime de concorrencia competitiva, resultarán beneficiarios aqueles centros que acaden unha maior puntuación no proceso de selección.

4. Aqueles centros que, resultando beneficiarios na resolución definitiva, presenten renuncia á participación no intercambio non poderán participar na seguinte convocatoria.

5. No caso de existir renuncias á listaxe definitiva, será seleccionado o seguinte centro educativo con maior puntuación que quedara excluído da listaxe definitiva.

Décimo-. Resolución provisional.

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisoria no portal educativo desta Consellería <http://www.edu.xunta.gal/portal> dos centros beneficiarios e non beneficiarios (suplentes e excluídos) do programa de intercambio.

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.



3. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas. No caso de non cubrirse o número de centros educativos galegos para algunha das *Région Académique*, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre as dúas *Région Académique* e/ou ofertar prazas vacantes a centros suplentes.

4. No caso de existir renuncias á listaxe provisional, pasará a ser seleccionado o seguinte centro educativo con maior puntuación que quedara excluído da listaxe provisional de centros beneficiarios.

Décimo primeiro-. Resolución definitiva.

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas e, deseguido, elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección xeral, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

2. No caso de existir renuncias á listaxe definitiva, pasará a ser seleccionado o seguinte centro educativo con maior puntuación que quedara excluído da listaxe definitiva de centros beneficiarios.

3. No caso de non cubrirse o número de centros educativos galegos para algunha das *Région Académique*, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre as dúas *Région Académique* e/ou ofertar prazas vacantes a centros suplentes.

4. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

5. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas



solicitudes por silencio administrativo.

Décimo segundo-. *Xustificación da actividade.*

1. Rematado o proxecto de intercambio, e ao longo do mes de xuño de 2025, os centros participantes deberán presentar ante a Dirección xeral unha memoria da actividade, segundo segundo as instrucións que estableza esta Dirección xeral.
2. As facturas correspondentes aos gastos derivados do intercambio serán custodiadas nos centros educativos e poderán ser solicitadas pola dita Dirección.

Décimo terceiro-. *Certificación de participación do profesorado.*

Unha vez rematado o intercambio e entregados os documentos, o profesorado coordinador do programa recibirá un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Décimo cuarto-. *Datos de carácter persoal.*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto-. *Desenvolvemento normativo.*

A Dirección Xeral poderá ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente Resolución.

Décimo sexto-. *Entrada en vigor.*

A presente Resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa



ANEXO I

MODELO DE BAREMO DE MÉRITOS (Cubrir a través da aplicación).

MÁXIMO 12 PUNTOS

Méritos	Puntuación
Proxecto pedagógico	Ata 3 puntos

AUTOBAREMACIÓN (Apartado 4)

Méritos	Puntuación	Máximo puntos
4.1. Impartir o programa de dobre titulación <i>Bachibac</i> ou formar parte da <i>Rede de Centros Plurilingües</i> en lingua francesa.	2 puntos.	2 puntos
4.2. Docencia de Primeira Lingua Estranxeira Francés.	0,50 puntos por cada curso escolar impartido.	2 puntos
4.3. Impartir no presente curso escolar o programa de <i>Seccións Bilingües</i> en lingua francesa.	0,50 por cada <i>Sección Bilingüe</i> en activo.	2 puntos
4.4. Participar nas probas do <i>DELTA Escolar</i> .	0,25 por cada convocatoria.	1 punto
4.5. Participar no presente curso escolar no programa <i>CUALE</i> en lingua francesa.	0,25 puntos por cada modalidade <i>CUALE</i> .	1 punto
4.6. Situación do concello.	4.6.1. Concellos de ata 3 000 habitantes: 1 punto. 4.6.2. Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 0.75 puntos. 4.6.3. Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0.50 puntos. 4.6.4. Concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes: 0.25 puntos.	1 punto

